

# INTRO – ANTE TODO MOITA CALMA – METODOLOXÍA A SEGUIR

## PSICOLOXÍA 2020 - 21

# 2º BACH

Ola a tod@s!!!

Ante todo calma. No tema do ditoso virus e no referente a este raro curso.

Situémonos:

Estamos a comezar a teoría do tema 1: A Psicoloxía como ciencia. Simplemente miramos unhas poucas follas. Para quen estea confinad@ e para quen non, dicirvos que **os apuntamentos son bastante claros**, e, como vedes, nas clases resalto algún que outro aspecto ou reflexiono sobre eles pero **o esencial está nos apuntamentos, tanto para a comprensión dos mesmos, como para unha avaliación positiva nos exames teóricos da materia.**



## METODOLOXÍA A SEGUIR

Pese á claridade dos apuntamentos, o que teño pensado é gravar (audio) clases como as “normais” e máis menos ir tentando rematar apartados concretos, avanzando cada páxina da teoría, procurando poñer exemplos e explicando aquelas palabras, conceptos, expresións, detalles que supoña vos van dar máis dificultades ou que considere de interese especial. **Ti escoitas a clase COS APUNTAMENTOS DIANTE, POR FAVOR!!!! E una vez rematada “levantas a man” e envíasme un ou un cento de correos coas posibles dúbidas.** A ver que tal. O Curso pasado funcionou moi ben. Lembra de que estas clases deberían servir para sacar adiante o curso con normalidade para aquelas persoas que estean confinadas e para repasar a materia vista para aquelas que poidan asistir ao centro presencialmente. En caso de confinamento total centralizariamos aquí todo o curso: exames, tarefas, traballos, etc. **“Vémonos!”**. Coidádevos!!!

# DÍAS DE CLASE

## "CORONAVIRUS" LOGO EXISTO

Lembrete, irei subindo as clases por días segundo nos correspondían no horario. Ou sexa:

**LUNS:** Psicoloxía GRUPO A (AULA 2º D)

**MÉRCORES:** Psicoloxía GRUPO A (AULA 2º D) e Psicoloxía GRUPO B (AULA 2º A)

**XOVES:** Psicoloxía GRUPO B (AULA 2º A)

**VENRES:** Psicoloxía GRUPO A (AULA 2º D) e Psicoloxía GRUPO B (AULA 2º A)